

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 31 DE MARZO DE 2011.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. María Rosa del Carmen Mariño López

D. Gabriel González Arias

D^a. María Luisa Vázquez Vázquez

Secretaria-Interventora:

D^a. Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:15 horas do día trinta e un de marzo de dous mil once, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez. Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas os días 27/01/2011 e 24/02/2011, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sinalase a necesidade de rectificación no punto 3.23 da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 27/01/2011 de autorización de conexión a rede de sumidoiros 23/2011 no punto primeiro onde pon número 11 tería que ser número 9 en rectificación de erro material, e tamén indicase erro no punto 4.2.2. da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 24/02/2011 de incoación e aprobación do expediente de contratación procedemento negociado sen publicidade da obra “Mellora do drenaxe e céspede do campo de fútbol Francisco Javier Álvarez Maristany de Boimorto” e donde pon COPNSP 3/2011 tería que ser COPNSP 2/2011 en rectificación de erro material.

ÚNICO.- Aprobar as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas os días 27/01/2011 e 24/02/2011 coas rectificacións sinaladas nos considerandos deste acordo con efectos a vinte e oito de xaneiro de dous mil once.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITO OFICIAIS

2.1.1.- ESCRITO DE UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. PARA REALIZAR INSTALACIÓN DE ACOMETIDA EXP. 218311010152.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado por Unión Fenosa Distribución S.A., rexistro de entrada nº. 281 con data 04/03/2011, en relación co exp. 218311010152 no que se comunica a necesidade de colocación previa antes da instalación da acometida axeitada, da instalación da C.G.P. ou Armario que se indica A-TtEL-UF, para unha vez colocado sea comunicado a Unión Fenosa.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.2.- ESCRITO DE UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. PARA REALIZAR INSTALACIÓN DE ACOMETIDA EXP. 218311010092.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado por Unión Fenosa Distribución S.A., con data 16/03/2011, en relación co exp. 218311010092 no que se comunica a necesidade de colocación previa antes da instación da acometida axeitada, da instalación da C.G.P. ou Armario que se indica A-TtEL-UF, para unha vez colocado sea comunicado a Unión Fenosa.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.3.- ESCRITO DE UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. PARA REALIZAR CONEXIÓN LÍÑA DE MEDIA TENSIÓN EXP. 218311010092.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado por Unión Fenosa Distribución S.A., rexistro d entrada nº 393 con data 25/03/2011, en relación co exp. 218311010092 no que se comunica que a conexión serán 24.0kW, debe realizarse na LMT POR-704 Portodemouros-Boimil 15 KV, en conductor LA-30 no apoio de formigón tipo HV 15/400; adxuntando a título orientativo a solución de alimentación eléctrica e que esta terá unha validez de tres meses, deberá comunicar o incio das obras a Unión Fenosa.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.4.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE REINTEGRO PARCIAL ANTICIO CAMPAÑA DE SOCORRISMO 2010.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Fomento, Sección de promoción económica, rexistro de entrada nº. 351 con data 18/03/2011 no que se comunica a obriga de reintegro de 343,64 euros correspondente ó importe do anticipo prepagable abonado dentro da campaña de socorrismo anualidade 2010, así como o importe correspondente aos xuros de mora da referida cantidade.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e aproban dito reintegro.

2.1.5.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN SEGUNDO PRAZO REDE CULTURAL ANO 2010.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada nº. 267 con data 02/03/2011 no que se comunica aprobación da xustificación do convenio suscrito correspondente á Rede Cultural 2010 Importe Deputación: 7.940,80€

Aboado 1º prazo: 3970,40 €

Importe xustificado a aboar: 3.970,40 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.6.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE RESOLUCIÓN DE ABOAMENTO SUBVENCIÓN PROGRAMA ANIMADORES DEPORTIVOS 2010.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada nº. 294 con data 09/03/2011 no que se comunica a resolución de aprobación da subvención de 7.500 € dentro do programa de animadores deportivos municipais para o ano 2010.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.7.-COMUNICACIÓN DA SECRETARIA XERAL DE FAMILIA E BENESTAR DE AUTORIZACIÓN INICIO ACTIVIDADES CENTRO OCUPACIÓN DE BOIMORTO DA ENTIDADE AMARAL.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar, rexistro de entrada nº. 292 con data 09/03/2011 no que se comunica o outorgamento da autorización de inicio de actividades ao centro de servizos sociais denominado Centro Ocupacional de Boimorto, sito en Boimil dependente da entidade AMARAI, condicionada á presentación da copia da licenza municipal de actividade.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.8.- ESCRITO DE AUGAS DE GALICIA AUTORIZANDO AS OBRAS DE CONCESIÓN DUN CAUDAL CON DESTINO Á REGA TRAMITADO POR D. MANUEL FANDIÑO GIL

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo organismo Augas de Galicia, rexistro de entrada nº. 409 con data 30/03/2011 no que se comunica a autorización de obras de concesión dun caudal de auga de 0,049 l/s procedente dun regato no lugar de Romelas parroquia de Mercurín con destino a rega tramitado a instancia de D. Manuel Fandiño Gil, sinalando entre outros condicionantes que a concesión outórgase por cinco anos.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.9.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS DA CONSELLERÍA DE FACENDA COMUNICANDO DO FONDO DE COMPENSACIÓN LOCAL 2011 E LIQUIDACIÓN 2009.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Facenda, rexistro de entrada nº. 280 con data 04/03/2011 no que se comunica transferencia correspondnete á segunda mensuralidade de participación no Fondo de Compensación Local do actual exercicio e liquidación do exercicio 2009:

Liquidación exercicio 2009

Participación definitiva do Concello de Boimorto: 199.766,12 €

Entrega a conta realizada: 197.118,73 €

Saldo: 2.647,39€

Exercicio 2011 - Entrega a Conta 2ª mensuralidade: 16.426,56€

Exercicio 2009 - Liquidación: 2.647,39€

Total a transferir: 19.073,95€

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.10.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS DA CONSELLERÍA DE FACENDA DE DÉBEDA PENDENTE DE SANCIÓN DE SANIDADE.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Tributos da Consellería de Facenda, rexistro de entrada nº. 114 con data 25/01/2011 no que se comunica o inicio do procedemento de compensación de oficio da débeda cos créditos que a prol do debedor puidesen existir na Comunidade Autónoma de Galicia de sanción de sanidade 2009080 SAM por importe de 3.005,00 € .

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.11.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS DA CONSELLERÍA DE FACENDA DE DÉBEDA PENDENTE DE SANCIÓN DE SANIDADE.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Tributos da Consellería de Facenda, rexistro de entrada nº. 282 con data 04/03/2011 no que se comunica o procedemento de compensación de oficio da débeda de sanción de sanidade por importe de 3.005,00 € ,

compensando dita débeda coas transferencias desitnada a ese Concello, a excepción das referidas ás procedentes dos tributos do Estado.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.12.- RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DE AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓNS PETROLIFERAS PARA USO PROPIO.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria, rexistro de entrada nº. 309 con data 11/03/2011 no que se comunica a resolución de autorización de instalación de combustibles para calefacción, climatización e auga quente sanitaria na rúa Gándara,73 así como instalación de almacenamento petrolíferos para o seu consumo na propia instalación.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.13.- RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DE AUTORIZACIÓN DUNHA INSTALACIÓN TÉRMICA.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria, rexistro de entrada nº. 310 con data 11/03/2011 no que se comunica a resolución de autorización de instalación de calefacción sita na rúa Gándara, 73, no rexistro de calefacción, climatización e auga quente santaria.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.14.- ESCRITO RESPONSABLE ORGANIZACIÓN DA EXCURSIÓN DE 4º DA ESO E PCIPI DO CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR DE BOIMORTO SOLICITANDO AXUDA ECONOMICA PARA REALIZACION VIAXE CULTURAL

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado por D^a. Begoña Brea Ramos, responsable da organización da excursión de 4º da ESO e PCIPI do CPI Armando Cotarelo Valledor de Boimorto, no que solicita unha axuda económica para sufragar os gastos de organización dunha viaxe cultural de sete días de duración no mes de abril a Comunidade Valenciana.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e acordan que se lle comunique á interesada que en principio para este ano non vai haber subvención nominativa para a este tipo de actividades.

2.1.15.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE A APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2011

Pola secretaria dase conta da circular remitida dende a sección de plans provinciais da Excm. Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada nº 441 con data 30/03/2011, na que se comunica a aprobación polo Pleno da Deputación o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) do ano 2011.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e acordan que a fase de contratación das obras quede pendente ata que a Deputación publique os novos pregos de cláusulas administrativas adaptados á Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostenible.

3.- LICENZAS, PERMISOS E AUTORIZACIÓNS

3.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 33/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 286, con data 07/03/2011, presentada por D. Antonio Mejuto Sánchez, con domicilio a efectos de notificación en C. Santo Tomás 18-20 4 D, A Coruña, na que solicita autorización para a con-

exión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 1 do lugar de Rubial, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Antonio Mejuto Sánchez, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 1 do lugar de Rubial, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 34/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 290, con data 09/03/2011, presentada por Dna. Concepción Río Ayude, con domicilio a efectos de notificación en lugar Algalia, 6 parroquia de Dorneá, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 6 do lugar de Algalia, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a Dna. Concepción Río Ayude, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 6 do lugar de Algalia, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 35/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 365, con data 21/03/2011, presentada por Dna. Engracia Mejuto García, con domicilio a efectos de notificación en lugar Algalia, 15 parroquia de Dorneá, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 15 do lugar de Algalia, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a Dna. Engracia Mejuto García, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 15 do lugar de Algalia, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.4.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 36/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 379, con data 23/03/2011, presentada por Dna. María Benedicta Garea Lorenzo, con domicilio a efectos de notificación en lugar Corredoiras, 54 parroquia de Ánxeles, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 21 do lugar de Boavista, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a Dna. María Benedicta Garea Lorenzo, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 21 do lugar de Boavista, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.5.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 37/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 380, con data 23/03/2011, presentada por D. Ángel Sánchez Montaña, con domicilio a efectos de notificación en Lurquizaga nº 7 5º B, Baracaldo, Vizcaya, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 19 do lugar de Boavista, parroquia de Dornéa, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Ángel Sánchez Montaña, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 19 do lugar de Boavista, parroquia de Dornéa, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.6.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 38/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 412, con data 30/03/2011, presentada por D. Manuel Segade Taboada, con domicilio a efectos de notificación en lugar Peroxa, 5 parroquia de Ánxeles, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 5 do lugar de Peroxa, parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Manuel Segade Taboada, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 5 do lugar de Peroxa, parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.7.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 39/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 420, con data 31/03/2011, presentada por D. Antonio Rodríguez Pazos, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Peroxa, 1 Ánxeles, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 1 do lugar de Peroxa, parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Antonio Rodríguez Pazos, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 1 do lugar de Peroxa, parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.8.-CONCESION TARXETA DE ESTACIONAMENTO A PERSOAL CON MOBILIDADE REDUCIDA (TARXETA PARA JOSÉ ANTONIO GÓMEZ ENJAMIO)

3/2011. Vista a correspondente solicitude para a concesión de tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida presentada con entrada no Concello nº 385 en data 25/03/2011 por D. Marcelino Gómez Enjamio con DNI núm. 78793264W en representación do usuario/minusválido José Antonio Gómez Enjamio con grao de minusvalía do 81%, visto informe da Asistente Social do Concello de data 31/03/2011, e comprobado que se cumpren os requisitos legais para expedición de tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, a Xunta de Goberno local por unanimidade, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Expedir a tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida a favor do veciño deste Concello D. José Antonio Gómez Enjamio con DNI núm. 44805674H con grao de minusvalia do 81%.

SEGUNDO.- En aplicación da Ordenanza fiscal número 4, reguladora da taxa por expedición de documentos no seu artigo 7.4, liquidar en concepto de **taxa 6 €**.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, aos efectos oportunos e comunicar que unha vez aboada a taxa correspondente poderá retirar a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía.

3.9.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 29-04-2011

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D^a. María del Carmen Barreiro Nouche con DNI nº 76515000A en calidade de representante da agrupación folclórica Santiaguíños de Boimorto, e con domicilio en lugar Espiñeiro núm. 7, parroquia de Boimorto, deste termo municipal, no que solicita autorización para a utilización da casa de cultura o día 29/04/2011 de 21.00 a 24.00 h da noite para concerto didáctico.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

ÚNICO.- Autorizar á representante da agrupación folclórica Santiaguíños de Boimorto, D^a. María del Carmen Barreiro Nouche, o uso do salón de actos da casa de cultura para o día 29/04/2011 de 21.00 a 24.00 h da noite.

3.10.- SOLICITUDE BAIXA NO PADRÓN DE BASURAS DO LOCAL ADICADO A NEGOCIO.

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 256, con data 28/02/2011, presentada por D. Benigno Costoya Varela, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Canto do Balo, 28 1º da parroquia de Arceo, deste termo municipal, no que expón que sendo propietario dun local sito no lugar de Conto do Balo nº 28 baixo dedicado a local de negocio e habendo cesado dito negocio con data de 25 de febreiro de 2011, solicita se dé de baixa nas facturacións de lixo en concepto de negocio.

Vista a ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa por recollida de lixo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa no Padrón de lixo o local comercial sito no lugar de Canto do Balo nº 28 baixo da parroquia de Arceo ao haber cesado na actividade con data 25 de febreiro de 2011, que surtirá efectos a partir do 01/04/2011.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.11.- SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Vista a correspondente solicitude para a concesión de tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida presentada con entrada no Concello nº 1515 en data 17/11/2010 por D. Manuel Fernández Sánchez con DNI núm. 76322177N con grao de minusvalía do 42%.

Visto informe da Asistente Social do Concello de data 24/02/2011, e comprobado que non cumpre os requisitos legais para expedición de tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida ao non ter dificultades graves de mobilidade que lle impiden a utilización de transporte colectivo tal como se fai constar no certificado do grao de minusvalidez acompañado a esta solicitude, a Xunta de Goberno local por unanimidade, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Denegar a solicitude de tarxeta de estacionamento de vehículos para persoas con discapacidade por causa de minusvalía a D. Manuel Fernández Sánchez con DNI núm. 76322177N por non cumprir as condicións contidas no artigo 1º da ordenanza reguladora da expedición de tarxetas de estacionamento para persoas con minusvalías.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos.

4.- URBANISMO OBRAS E SERVIZOS

4.1. URBANISMO

Advirte a secretaria que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións nas que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidad e sancionadoras oportunas.

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 11/2011) PARA SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DE TELLA DA VIVENDA SITA NO NÚMERO 7 DO LUGAR DE OUTEIRO, PARROQUIA DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE Dña. MARIA JOSÉ VÁZQUEZ FREIRE.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de Dña. María José Vázquez Freire, con DNI núm. 33277749S, e con domicilio para os efectos de notificación na rúa Gándara, 24 parroquia de Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1604 de data 13/12/2010 para a substitución da cuberta de tella da vivenda sita no lugar de Outeiro, 7 parroquia Boimorto (solo de núcleo rural) segundo valoración presentada.

Tramitada polo interesado solicitude de autorización do Servizo de Infraestruturas do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (expediente MT205G 2011/000015-1) e incorporado ao expediente informe de data 03/03/2011, no que informa favorablemente á autorización das obras, indicando condicionantes a ter en conta para realitzar a obra.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado nº 4657, con data 19/01/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a Dña. María José Vázquez Freire, con DNI nº 33277749S (LO 11/2011), para a substitución da cuberta de tella da vivenda sita no lugar de Outeiro, 7 parroquia de Boimorto (solo de núcleo rural) segundo valoración presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais necesarias e supeditada os condicionamentos da autorización sectorial do Servizo de Infraestruturas do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas que constan no expediente.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: corrección por informe técnico: **6.165,00** Euros.

Liquidación 2%: **123,30 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dña. María José Vázquez Freire, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 12/2011) PARA SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DE TELLA DA VIVENDA SITA NO NÚMERO 3 DO LUGAR DE OUTEIRO, PARROQUIA DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE DNA. MARIA JOSÉ VÁZQUEZ FREIRE.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de Dna. Maria José Vázquez Freire, con DNI núm. 33277749S, e con domicilio para os efectos de notificación na rúa Gándara, 24 parroquia de Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1606 de data 13/12/2010 para a substitución da cuberta de tella da vivenda sita no lugar de Outeiro, 3 parroquia Boimorto (solo de núcleo rural) segundo valoración presentada.

Tramitada polo interesado solicitude de autorización do Servizo de Infraestruturas do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (expediente MT205G 2011/000016-1) e incorporado ao expediente informe de data 03/03/2011, no que informa favorablemente á autorización das obras, indicando condicionantes a ter en conta para realizar a obra.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado nº 4657, con data 19/01/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a Dna. Maria José Vázquez Freire, con DNI nº 33277749S (LO 12/2011), para a substitución da cuberta de tella da vivenda sita no lugar de Outeiro, 3 parroquia de Boimorto (solo de núcleo rural) segundo valoración presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais necesarias e supeditada os condicionamentos da autorización sectorial do Servizo de Infraestruturas do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas que constan no expediente.
- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: corrección por informe técnico: **3.425,00 Euros.**

Liquidación 2%: **68,50 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Maria José Vázquez Freire, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.3.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 13/2011) PARA SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DE TELLA DA VIVENDA SITA NO NÚMERO 3 DO LUGAR DE PEROXA, PARROQUIA DE ÁNXELES, TRAMITADA A INSTANCIA DE DNA. MARIA DOLORES GUERRA ANDRADE.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de Dna. Maria Dolores Guerra Andrade, con DNI núm. 78782192Q, e con domicilio para os efectos de notificación no lugar de Peroxa, 3 parroquia de Ánxeles, Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 402 de data 29/03/2011 para a substitución da cuberta de

tella da vivenda sita no lugar de Peroxa, 3 parroquia de Ánxeles, Boimorto (solo de núcleo rural) segundo valoración presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado nº 4657, con data 30/03/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a Dna. María Dolores Guerra Andrade, con DNI nº 78782192Q (LO 13/2011), para a substitución da cuberta de tella da vivenda sita no lugar de Peroxa, 3 parroquia de Ánxeles, Boimorto (solo de núcleo rural) segundo valoración presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: corrección por informe técnico: **5.103,25 Euros.**

Liquidación 2%: **102,07 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Dolores Guerra Andrade, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.4.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 14/2011) PARA REPARACIÓN DO TELLADO, LIMPEZA DE CANALÓNS, IMPERMEABILIZACIÓN DE CHIMENEAS E COLOCACIÓN DE TELLAS” DO EDIFICIO SITO NO NÚMERO 10 DA RÚA PRAZA DA GÁNDARA, PARROQUIA DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. ANTONIO ANSEDE BLANCO, EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO DA PRAZA DA GÁNDARA NÚMERO 10.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Antonio Ansede Blanco, con DNI núm. 32440038X, en representación da comunidade de propietarios do edificio da Praza da Gándara, número 10; e con domicilio para os efectos de notificación na Praza da Gándara, 10 1ªA, parroquia de Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 374 de data 22/03/2011 para a reparación do tellado, limpeza de canalóns, impermeabilización de chimeneas e colocación de tellas do edificio sito na Praza da Gándara número 10, parroquia de Boimorto (solo urbano) segundo valoración presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado nº 4657, con data 30/03/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo urbano coa ordenanza de edificación intensiva tradicional.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Antonio Ansede Blanco, con DNI nº 32440038X (LO 14/2011), para a reparación do tellado, limpeza de canalóns, impermeabilización de chimeneas e colocación de tellas do edificio sito na Praza da Gándara número 10, parroquia de Boimorto (solo urbano) segundo valoración presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: corrección por informe técnico: **4.854,60 Euros.**

Liquidación 2%: **97,09 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Antonio Ansede Blanco, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.5.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 15/2011) PARA PINTADO DAS FACHADAS DO EDIFICIO SITO NA RÚA GÁNDARA, 25 PARROQUIA DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL BLANCO FANDIÑO.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Manuel Blanco Fandiño, con DNI núm. 33148891A, e con domicilio para os efectos de notificación na rúa Gándara, 25 1º esq. parroquia de Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 397 de data 28/03/2011 para pintado das fachadas do edificio sito na rúa Gándara, 25 parroquia de Boimorto (solo urbano) segundo valoración presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado nº 4657, con data 30/03/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo urbano coa ordenanza de edificación intensiva.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Manuel Blanco Fandiño, con DNI nº 33148891A (LO 15/2011), para pintado das fachadas do edificio sito na rúa Gándara, 25 parroquia de Boimorto (solo urbano) segundo valoración presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra á seguinte condición:

- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-Presuposto de execución material da obra: **1.650 Euros.**

Liquidación 2%: **33 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Manuel Blanco Fandiño, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.6.- SOLICITUDE DESESTIMENTO LICENZA DE OBRAS PARA REPOSICIÓN DE TUBERIAS DA ACOMETIDA DE AUGA VECIÑAL DOS LUGARES DE IGLESIA, TOÁ E CURRÁS DA PARROQUIA DE CARDEIRO

Visto o escrito presentado por D. Juan Barreiro Vigo, en calidade de representante da Comunidade Veciñal de Cardeiro, con rexistro de entrada número 330 en data 17/03/2011, solicitando o desestimento da solicitude de licenza de obra para reposición de tuberías da acometida de auga veciñal dos lugares de Iglesia, Toá e Currás da parroquia de Cardeiro (Boimorto).

Visto o artigo 90 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, no que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non esté prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos, e o artigo 91.1 do citado texto legal di que o desestimento ou renuncia pódese facer por calquer medio que permita a súa constancia, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aceptar o desestimento da solicitude de licenza de obras presentado por D. Juan Barreiro Vigo, en calidade de representante da Comunidade Veciñal de Cardeiro para reposición de tuberías da acometida de auga veciñal dos lugares de Iglesia, Toá e Currás da parroquia de Cardeiro (Boimorto) e declarar concluído o procedemento, procedendo ao seu arquivo.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado.

4.2. OBRAS E SERVIZOS

4.2.1.- INCOACIÓN E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA OBRA “ENERXÍA TRIFÁSICA EN LAVANDERÍA Y ADECUACIÓN DE FONTANERÍA EN LOCALES HÚMEDOS DE LA MINIRESIDENCIA DE BOIMORTO” (COPNSP 5/2011)

Sendo necesario o inicio de expediente de contratación da obra de “Subministro de enerxía eléctrica trifásica en lavandería y adecuación de la fontaneira en locais húmedos en la Miniresidencia de Boimorto”.

Aprobada a memoria valorada na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 25/11/10, memoria redactada en novembro de 2010 polo enxeñeiro de camiños D. Angel Delgado Cid colexiado nº 4.657 cun orzamento de execución por contrata de 6.113,34 € (ive incluído), constando no expediente informe de data 31/03/2011 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2011 23.62500.

Visto o informe de secretaria de data 30/03/2011 sobre o procedemento contractual, coas advertencias nel sinaladas en especial o de necesario cumprimento do principio de concurrencia, así como pregos tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade (utilizando pregos para contratación por procedemento negociado sen publicidade da Excma. Deputación Provincial así como as prescricións técnicas que será a memoria valorada que forma parte do expediente)

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 93 da LCSP xustifícase a súa realización na necesidade de cumprimento da prestación de servizos de mantemento dos edificios públicos municipais e garantía de seguridade vial.

Considerando aplicable a tramitación ordinaria urxente (por necesidade de posta en funcionamento da Miniresidencia de Boimorto), neste expediente en uso das facultades delegadas pola Alcaldía Presidencial nesta Xunta de Goberno Local, e en aplicación do disposto no artigo 93 e na disposición adicional 2ª da lei 30/2007 Lei de contratos do sector público

A Xunta de Goberno, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Incoar e aprobar o expediente de contratación da obra de “Subministro de enerxía eléctrica trifásica en lavandería y adecuación de la fontaneira en locais húmedos en la Miniresidencia de Boimorto” prevista na memoria valorada redactada polo enxeñeiro de camiños D. Angel Delgado Cid colexiado nº 4.657 cun orzamento de execución por contrata de 6.113,34 € (ive incluído), aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 25/11/2010, polo que se aproba con este acordo por por procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, procedemento e forma utilizados que se xustifican pola contía do subministro e a concreción do seu obxecto, conforme á memoria valorada descrita acordando aplicar a tramitación ordinaria urxente nesta contratación.

